



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

## BORRADOR ACTA

### SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

#### - SALON DE PLENOS MUNICIPAL, XOVES 28 DE SETEMBRO DE 2017 -

No día de hoxe, ás 11:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario accidental, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

#### **PRESIDE:**

Maria Jesus Novo Gomez

#### **ASISTEN:**

##### PP

Luis Rico Vereas  
Elisardo Montero Castro  
Jesus Angel Costoya Rua  
Rogelio Sueiro Carro

##### Non Adscrito

Jose Balado Casal

##### PSOE

Abelardo Seoane Vazquez

##### BNG

Raquel Val Vazquez  
Xose Luis Rivas Cruz

#### **AUSENCIAS:**

##### PSOE

Ana Ledo Fernandez  
Sandra Sanchez Iñiguez

#### **SECRETARIO ACCIDENTAL:**

JUAN COLMENARES LOPEZ-SOLDADO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

### **ORDE DO DÍA**

#### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesións realizadas en data 27/04/2017 e en data 29/06/2017; ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, das que resultan aprobadas por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

### **2. PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL ORDINARIO A CELEBRAR EN DATA 28/09/2017 EN RELACIÓN COA OBRA AMPLIACIÓN DA PONTE SOBRE O RÍO TAMBRE NO LÍMITE MUNICIPAL ENTRE MESÍA E BOIMORTO (PONTE BOADO)**

Polo secretario accidental dáse lectura da seguinte proposta de acordo, formulada pola Alcaldía en data 20 de setembro de 2017:

#### PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL ORDINARIO A CELEBRAR EN DATA 28/09/2017 EN RELACIÓN COA OBRA AMPLIACIÓN DA PONTE SOBRE O RÍO TAMBRE NO LÍMITE MUNICIPAL ENTRE MESÍA E BOIMORTO (PONTE BOADO)

Visto o escrito con entrada 30//08/2017 número de rexistro 2014 que supón a necesaria modificación do acordo do pleno de xuño de 2017 sobre esta mesma obra, en relación co orzamento.

Propoño que o Pleno municipal ACORDE:

**PRIMEIRO.-** Aceptar a execución da obra Reconstrución de ponte sobre o río Tambre no límite municipal entre Mesía e Boimorto ( Ponte Boado ) X-13150 por importe de 143.816,53 € a executar dentro do Plan de infraestruturas rurais 2017 en réxime de cooperación.

**SEGUNDO.-** Comprometerse a poñer a disposición libres de cargas e gravames de todos os terreos necesarios para a normal execución das obras ( sendo propietario dos terreos segundo manifesta o concelleiro D. Rogelio Sueiro Carro que se compromete a permitir dita disposición libre de cargas e gravames para execución destas obras) así como os correspondentes permisos e autorización legalmente esixidos para levar a cabo a/s obra/s.

**TERCEIRO.-**A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo da/s obra/s de referencia.

**CUARTO.-** Asumir, unha vez recepcionadas as obras provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

**QUINTO.-** Acreditar que a Alcaldesa designada para asinar o convenio está debidamente facultada para ese acto.

**SEXTO.-** Manifestar expresamente que a obra non se someterá a modificacións importantes nos cinco anos seguintes á súa entrega que poidan afectar á natureza , condicións de execución ou cambio do réxime da propiedade da infraestrutura.

**SÉTIMO.-**Manifestar que o Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido por este Concello.

**OITAVO.-** Antes da adxudicación definitiva da obra sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa acreditarase a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

**NOVENO.-** Entender rectificado o acordo deste expediente do Pleno de xuño de 2017 en relación co orzamento manténdose os outros aspectos.

Boimorto, 20 de setembro de 2017

A alcaldesa



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

A continuación realizáronse as seguintes intervencións:

Da alcaldesa Sra. Novo Gómez, para expoñer que o importe desta obra, que estaba presuposto en 312.230,72 euros, vai ser variado pero queda fixado en 143.816,53 euros, porque Augas de Galicia non quere que se modifique o cauce do río; exhibindo neste acto unha copia do plano onde consta como vai quedar a obra, matizando que a plataforma sobre o río vai a pasar de 4 a 8 metros.

Do Sr. Rivas Cruz (do BNG) para expoñer que si xa era baixo o importe inicial desta obra, agora resulta que se reduce a máis da metade, o cal supón unha diferenza; e pregunta si esa diminución do proxecto vai a ter un menoscabo real nesa infraestrutura, e porque non se pode facer a desviación do cauce do río.

Responde a alcaldesa que Augas de Galicia non deixa modificar o cauce do río, xa que para poder modificalo habería que ter en conta e realizar varios estudos, entre eles un referido a cincocentos anos atrás; e a única forma para solucionar o problema era a indicada, ampliando a plataforma de paso.

Polo Sr. Rivas Cruz se pide que as obras que se realicen permitan que por alí poida pasar a maquinaria que ten que pesar.

Tras o exposto, a alcaldesa somete este asunto a votación ordinaria; fixando como termos da votación os previstos na proposta de acordo que había presentado; adoptándose -por sete votos a favor (5 do PP; 1 do PSOE e 1 correspondente a un concelleiro non adscrito a ningún grupo político), coa abstención dos dous concelleiros do BNG- os acordos que a continuación se indican:

**PRIMEIRO.-** Aceptar a execución da obra Reconstrución de ponte sobre o río Tambre no límite municipal entre Mesía e Boimorto ( Ponte Boado ) X-13150 por importe de 143.816,53 € a executar dentro do Plan de infraestruturas rurais 2017 en réxime de cooperación.

**SEGUNDO.-** Comprometerse a poñer a disposición libres de cargas e gravames de todos os terreos necesarios para a normal execución das obras ( sendo propietario dos terreos segundo manifesta o concelleiro D. Rogelio Sueiro Carro que se compromete a permitir dita disposición libre de cargas e gravames para execución destas obras) así como os correspondentes permisos e autorización legalmente esixidos para levar a cabo a/s obra/s.

**TERCEIRO.-** A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo da/s obra/s de referencia.

**CUARTO.-** Asumir, unha vez recepcionadas as obras provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

**QUINTO.-** Acreditar que a Alcaldesa designada para asinar o convenio está debidamente facultada para ese acto.

**SEXTO.-** Manifestar expresamente que a obra non se someterá a modificacións importantes nos cinco anos seguintes á súa entrega que poidan afectar á natureza , condicións de execución ou cambio do réxime da propiedade da infraestrutura.

**SÉTIMO.-** Manifestar que o Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido por este Concello.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

OITAVO.- Antes da adxudicación definitiva da obra sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa acreditarase a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

NOVENO.- Entender rectificado o acordo deste expediente do Pleno de xuño de 2017 en relación co orzamento manténdose os outros aspectos.

### **3. PROPOSTA RECUPERACIÓN DE OFICIO EN SANTARANDEL DE FRANXAS AFECTADAS POR OBRA SUBVENCIONADA POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL .**

Polo secretario accidental dáse lectura da seguinte proposta de acordo, formulada pola Alcaldía en data 20 de setembro de 2017:

#### PROPOSTA PLENO MUNICIPAL SETEMBRO 2017 RECUPERACIÓN DE OFICIO EN SANTARANDEL DE FRANXAS AFECTADAS POR OBRA SUBVENCIONADA POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL .

Visto que tramitado expediente de investigación de oficio de terreo existente entre a pista de concentración parcelaria e as propiedades privadas de Santarandel parroquia de Arceo Boimorto, este foi resolto en decreto da Alcaldía de data 22/07/2015 n.º 353/2015.

Visto que en decreto desta Alcaldesa de data 18/07/2017 procédese á incoación de expediente de recuperación de oficio das franxas do camiño municipal afectadas por obra subvencionada pola Deputación Provincial de Recuperación de espazo público en Santarandel o marco do convenio de colaboración aprobado no ano 2014 pola Deputación de A Coruña que afecta a terreos de dominio público recoñecidos no expediente de investigación de oficio usurpados sen necesidade de deslinde para a súa recuperación segundo informe técnico de D. Manuel Carro López colexiado n.º 2974 quedando acreditada no expediente de investigación de oficio realizado no Concello completa identidade entre a posesión municipal e o usurpado e posesión pública con anterioridade á ocupacións ilexítimas referidas, sendo o camiño ben de dominio público municipal.

Visto informe dos servizos técnicos municipais de data 6/7/2017 no que se acredita a existencia de usurpacións en dito camiño non sendo necesario deslinde para usurpacións que afectan ás obras proxectadas en proxecto de obra de Recuperación de espazo público en Santarandel no marco do convenio de colaboración aprobado no ano 2014 pola Deputación de A Coruña que afecta a terreos de dominio público recoñecidos no expediente de investigación de oficio usurpados sen necesidade de deslinde para a súa recuperación segundo informe técnico de D. Manuel Carro López colexiado n.º 2974 quedando acreditada no expediente de investigación de oficio realizado no Concello completa identidade entre a posesión municipal e o usurpado e posesión pública con anterioridade á ocupacións ilexítimas referidas, sendo o camiño ben de dominio público municipal.

Ante os antecedentes expostos e tendo en consideración o disposto nos artigos 5,44.1c) 70.1 e 71 do Regulamento de bens das entidades locais RD 1372/1986 de 13 de xuño, os artigos 63.1c) os artigos 80.1 e 82 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local así como artigos 41.1c9 , 55 da Lei de patrimonio das administracións públicas 33/2003 de 3 de novembro e artigo 68.2 do Regulamento desta lei RD 1373/2009 de 28 de agosto así como os artigos 280 e 283 da Lei de administración local de Galicia 5/1997 de 22 de xullo e demais lexislación vixente que poida resultar aplicable,



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Non constando alegacións presentadas ó expediente de recuperación de oficio segundo certificación de secretaría de data 20/09/2017 realizado trámite de audiencia sen que consten alegacións como se acredita por secretaría .

Considerando que o Pleno é o órgano competente para adoptar a decisión de recuperación pretendida en aplicación do artigo 22.2j da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local .

Considerando que esta Administración ten o deber de exercitar a potestade posesoria cando sexa perturbada na posesión dos seus bens , podendo recuperalos sen necesidade de acudir ós Tribunais comúns de xustiza e que no expediente quedou acreditada a posesión administrativa e a usurpación .

En atención ó exposto e segundo o establecido nos artigos 3,4,5,9 44.1c) 70 e ss do Regulamento de bens das entidades locais , artigos 41,42.1e 2 , 44 e 55 da Lei de patrimonio das administracións públicas artigo 68.2 do regulamento desta lei artigos 280 e 283 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia artigos 4.1d) , 22.2j) 68 80 e 82 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local artigo 74 do Texto refundido de réxime local RD L 781/1986 artigo 4.1d) do ROG RD 2568/1986 artigo 344 do Código Civil e demais lexislación que resulte aplicable propono que o pleno municipal ACORDE:

PRIMEIRO.- Que se declare a posesión municipal das franxas de camiño público de Santarandel indicadas no expediente tramitado nas que non é necesario o previo deslinde resultando procedente a reposición ou restauración material do orde patrimonial infrinxido debendo inmediatamente repoñerse materialmente á situación orixinal o ben municipal usurpado quedando este expediente libre e a disposición desta entidade local para o seu uso normal o que será verificado polos servizos técnicos municipais có correspondente informe todo isto sen prexuízo de terceiro e do dereito da propiedade ou posesión definitiva, podendo utilizar este Concello os medios compulsorios de execución forzosa previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común chegando de ser preciso á execución subsidiaria a costa do infractor , así como reclamación de indemnización por danos e prexuízos que por razón da usurpación foran procedentes.

SEGUNDO.-Que se notifique este acordo ós interesados que están usurpando ditas franxas toda vez que esta notificación servirá de requirimento expreso aos efectos previstos no número anterior.

Boimorto 20/09/2017

A Alcaldesa :

Asdo.- M.<sup>a</sup> Jesús Novo Gómez

A continuación se realizaron as seguintes intervencións:

Da alcaldesa Sra. Novo Gómez para expresar que, despois de reunirse con equipos da Deputación Provincial, chegouse á conclusión de que para poder facer a obra que nos había subvencionado a Deputación era necesario recuperar o citado camiño; polo que se fixo un levantamento topográfico, para saber o que é de dominio público. Unha vez que se sabe o que é público había que retirar as columnas que se puxeron alí, o cal xa foi comunicado aos veciños; tamén hai un cerre.

Do Sr. Rivas Cruz (do BNG) para expresar que o problema que existe en dito camiño está motivado por dúas familias que están enfrentadas.

Da alcaldesa por inidicar que no primeiro estudo que se fixo se planteou que a recuperación se fixera ata donde afectaba para a realización desa obra subvencionada, pero coa idea de ir recuperando despois todo o camiño.

Tras o exposto, a alcaldesa somete este asunto a votación ordinaria; fixando como termos da votación os previstos na proposta de acordo que había presentado; adoptándose -por unanimidade

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

dos nove membros da corporación asistentes (5 do PP; 2 do BNG, 1 do PSOE e 1 concelleiro non adscrito), os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Que se declare a posesión municipal das franxas de camiño público de Santarandel indicadas no expediente tramitado nas que non é necesario o previo deslinde resultando procedente a reposición ou restauración material do orde patrimonial infrinxido debendo inmediatamente repoñerse materialmente á situación orixinal o ben municipal usurpado quedando este expediente e a disposición desta entidade local para o seu uso normal o que será verificado polos servizos técnicos municipais có correspondente informe todo isto sen prexuízo de terceiro e do dereito da propiedade ou posesión definitiva, podendo utilizar este Concello os medios compulsorios de execución forzosa previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común chegando de ser preciso á execución subsidiaria a costa do infractor, así como reclamación de indemnización por danos e prexuízos que por razón da usurpación foran procedentes.

**SEGUNDO.-** Que se notifique este acordo ós interesados que están usurpando ditas franxas toda vez que esta notificación servirá de requirimento expreso aos efectos previstos no número anterior.

#### **4. PROPOSTA APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2016**

Polo secretario accidental se explica cal foi a tramitación deste expediente, facendo saber que, durante o período de quince días hábiles no que a conta xeral estivo exposta ao público, non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións, nin dentro dese prazo nin nos oito días hábiles seguintes. Polo que o seguinte trámite sería o da súa aprobación polo Pleno conforme o artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Non realizándose ningunha intervención ao respecto, pola alcaldesa decideuse someter este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose - por sete votos a favor (5 do PP, 1 do PSOE e 1 do concelleiro non adscrito), coa abstención dos concelleiros do BNG- os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2016 do Concello de Boimorto.

**SEGUNDO.-** Render a Conta Xeral do exercicio 2016 ante o Tribunal de Contas.

#### **5. PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL ORDINARIO A CELEBRAR EN DATA 28/09/2017 EN RELACION COA DETERMINACIÓN DOS DOUS DIAS QUE TERÁN CARÁCTER DE FESTAS LOCAIS NO 2018 NESTE CONCELLO**

Cofecido o escrito remitido a este concello desde a Xefatura Territorial da Coruña, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, (que foi recibido o día 13 de setembro de 2017, sendo rexistrado ao número 2.106), para a designación dos días que terán a consideración de festas locais, de carácter retribuído e non recuperable, dentro do termo municipal de Boimorto para o próximo ano 2018.

Pola alcaldesa se somete este asunto a votación ordinaria; Adoptándose -por unanimidade dos nove membros da corporación asistentes (5 do PP, 2 do BNG, 1 do PSOE e 1 concelleiro non adscrito)- os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Declarar como datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o ano 2018:

.- Martes de carnaval do ano 2018.

e,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

.- o luns de Rosario, 3 de setembro de 2018

SEGUNDO.- Que unha certificación deste acordo sexa comunicada antes do vindeiro 15/10/2017 á Xunta de Galicia Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña.

### **6. PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA DE ACORDO DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO (ACONDICIONAMENTO CENTRO ENVELLECIMENTO ACTIVO DE ARCEO)**

Polo secretario accidental se informa que este expediente de modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito, tramitouse para conseguir o crédito necesario a fin de poder financiar a aportación municipal, por importe de 8.648,58 euros, na contratación da obra denominada “Acondicionamento centro envellecemento activo de Arceo”, e elo vaise levar a cabo mediante baixas de créditos de gastos de dúas partidas do presuposto municipal:

a) Na partida “Administración xeral.- Retribucións órganos de goberno: 912.10000”, por importe de 7.400 euros, e

b) Na partida “Administración xeral.- Salarios grupo C (destinado a salario auxiliar administrativo): 920.12004”, por importe de 1.248,58 euros.

Tamén se informa que na tramitación deste expediente se siguen os mesmos trámites que para a aprobación do presuposto municipal.

A continuación realizáronse as seguintes intervencións:

Da alcaldesa Sra. Novo Gómez, para manifestar que se tramitou este suplemento de crédito para poder facer fronte aos gastos que supón ao Concello a execución do proxecto de acondicionamento do citado centro de envellecemento activo; o cal se prevé executar en dúas anualidades, esta e a que ven.

Do Sr. Rivas Cruz (do BNG) para manifestar que ese centro xa se arranxou fai uns oito anos, e existen outros centros, como por exemplo a escola de Brates, que están bastante máis deteriorados, polo que todavía está esperando a que se arranxen. Pero que si se concedeu unha subvención para ilo, adiante.

Unha vez ratificada a inclusión deste asunto da orde do día sen ditaminar pola Comisión Informativa Especial de Contas. Tras o exposto, a alcaldesa someteu este asunto a votación ordinaria; fixando como termos da votación os previstos na proposta de acordo que había presentado;

Adoptándose -por unanimidade dos nove membros que integran a corporación (5 do PP, 2 do BNG, 1 do PSOE e 1 concelleiro non adscrito)- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a modificación vía suplemento de crédito 1/2017 tal e como segue:

Aportación municipal, gasto subvencionado Agader para proxecto Acondicionamento centro envellecemento activo Arceo, por importe de 8.648,58 €.

A financiación do suplemento de crédito 1/2017 farase mediante:

a) a baixa de créditos na partida Administración xeral. Retribucións órganos de goberno 912.10000 por importe de 7.400,00€ e

b) baixa na partida Administración xeral. Salarios Grupo C (destinado a salario auxiliar administrativo) 920.12004 por importe de 1.248,58€

sumando todas estas baixas o suplemento da partida 231.63700 por importe de 8.648,58€.

Segundo.- Considerar este gasto específico e determinado e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente a utilización do crédito subvencionado e a xustificación da subvención.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2017, crédito para estes gastos no capítulo 6 ó estar as partidas non incluídas en bolsa por ser estes gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRBL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

### **7. PROPOSICIÓN ALCALDÍA LEVANTAMENTO REPARO SUSPENSIVO FACTURA SOGAMA 2017/2022**

Pola alcaldesa Sra. Novo Gómez se explica que no mes de xullo o camión, co que se realiza a recollida de lixo en Arzúa, tivo unha avaría, polo que cando se levou ao taller pídesse que lle prestaran outro camión para poder realizar ese servizo; dándose a circunstancia de que ese camión tamén sufriu outra avaría; polo que se pide ao Concello de Boimorto que se lle prestase ese servizo ao de Arzúa.

E como SOGAMA factura ao camión que entra, que era o de Boimorto e non ao concello do que proceden os residuos, que era o de Arzúa, nos encontramos que se emite unha factura a nome do Concello de Boimorto, por un importe de 4.225,22 euros, sobre o cal a secretaria con data 20 de setembro formulou un reparo porque non poden imputarse gastos doutro concello no presuposto municipal do Concello de Boimorto que non ten previsto crédito para ditos gastos.

Sendo urxente o pago de dita factura, e non habéndose emitido ditame sobre este asunto por unha comisión informativa, pola alcaldesa decidiuse incluílo na orde do día desta sesión, polo que -unha vez que se xustificou a urxencia- solicita que se ratifique a inclusión de dito asunto na orde do día da presente sesión.

Unha vez ratificada a inclusión deste asunto da orde do día, e coñecidos por tódolos asistentes os motivos polo que foi emitida aquela factura e o reparo formulado pola secretaria.

Pola alcaldesa decidiuse someter este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por unanimidade dos nove membros asistentes (5 do PP, 2 do BNG, 1 do PSOE e 1 concelleiro non adscrito)- o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Levantar o reparo suspensivo de Secretaría autorizando a imputación deste gasto no crédito da partida do orzamento municipal de Boimorto 1623.22799 .

**SEGUNDO.-** Requirir ó Concello de Arzúa o ingreso nas arcas municipais de Boimorto do importe que lles corresponde desta factura pola xestión de residuos de dito termo municipal ( 3.820kg recollidos en data 12/07/2017 e 2.720kg recollidos en data 21/07/2017 remitindo a documentación que conste no expediente que así o acredita e referenciando o prezo tonelada ó fixado en dita factura 68,25€ mais o iva do 10%)

**TERCEIRO.-** Comunicar este acordo ó Concello de Arzúa e os servizos contábeis do Concello os efectos oportunos.

### **8. PROPOSICIÓN RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO**

Pola alcaldesa se informa que se trata de aprobar unha factura por importe de 825,01 euros, que foi presentada no concello o día 5 de decembro de 2016, a través do recoñecemento da mesma, que foi emitida pola Rexistradora da Propiedade.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)





## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Polo Sr. Rivas Cruz (do BNG) pregúntalle á Sra. Alcaldesa a que corresponde dita factura.

Manifestando a Sra. Alcaldesa que esa factura chegou fora de prazo e corresponde a un trámite que se fixo consistente na inscrición dunha cesión de viais, como consecuencia do expediente de licenza de segregación tramitado a instancia dunha veciña da parroquia de Brates.

Unha vez ratificada a inclusión deste asunto da orde do día sen ditaminar pola Comisión Informativa Especial de Contas. Pola alcaldesa decidiuse someter este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por unanimidade dos nove membros asistentes (5 do PP, 2 do BNG, 1 do PSOE e 1 concelleiro non adscrito)- os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Levantar reparo da secretaría intervención de data 19/09/2017 en relación coa factura indicada nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial da factura relativa ao expediente de recoñecemento extraxudicial indicada nos considerandos deste acordo autorizando, comprometendo e recoñecemento obrigas con cargo á partida municipal 920.22699 de 2017.

### 9. DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta aos concelleiros das Resolución da Alcaldía-Presidencia ditadas entre os días 27/06/2017 e o 25/09/2017, número 238 a 370

Concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do día, e antes de pasar ao turno de rogos e preguntas, a Sra. Alcaldesa preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que acompañaba á convocatoria, e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Manifestando o portavoz do grupo político do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Rivas Cruz, que desexaba incluír nese apartado unha moción, relativa ao Pazo de Meirás e á Fundación Francisco Franco, cuia moción xa foi presentada por escrito no rexistro xeral do concello o día 21 do presente mes.

E para xustificar a urxencia, de incluír esta moción na orde do día desta sesión, o Sr. Rivas Cruz realizou a seguinte exposición:

“O Pazo de Meirán, que foi a residencia de Emilia Pardo Bazán, foi comprado para ser agasallado a Franco, utilizando diñeiro da Deputación Provincial e de moitos concellos da provincia, que tamén pediron aos veciños que fixeran unha aportación.

Moitos anos despois a Xunta de Galicia decidiu calificalo como Ben de interese cultural, para poder ser visitalo; sen embargo a familia Franco negouse a permitir o réxime de visitas de catro días ao mes.

Ante a presión da opinión pública e a postura tamén da Xunta de Galicia, decidiron que a xestión do Pazo a realizase a Fundación Francisco Franco.

Pero o problema surxe cando dita Fundación fixo unhas declaracións fora de lugar e provocadoras, ao dicir que nas visitas turísticas íase a ensalzar a figura de Franco.

Pódese estar ou non de acordo, pero nun réxime democrático non se pode exaltar a figura dun ditador que asinou sentenzas de morte.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

O asunto foise embolando porque a Fundación Francisco Franco é ilegal, xa que foi constituída antes da Constitución; e entón cabe considerar que esa fundación é ilegal ou non existe, porque ademais a Lei de fundacións é posterior.

O roubo do Pazo de Meirás só ten unha saída, porque o Partido Popular tamén propuxo que se busque a forma de obrigar á familia de Franco a devolver o Pazo de Meirás, sen custe algún, para uso e disfrute público.

A continuación o Sr. Rivas Cruz indicou que esta moción contén as seguintes cinco preguntas do acordo:

1. Declarar a familia do Ditador e a Fundación Franco non gratas no Concello de Boimorto.
2. Adherirse á proposta aprobada polo Pleno da corporación municipal de Sada, instando tamén a Xunta de Galicia, para que sexa este Concello o encargado das visitas guiadas ao Pazo de Meirás, como garantía de que as persoas visitantes do BIC reciben unha información veraz sobre a historia deste espazo histórico.
3. Facer unha condena pública das declaracións da Fundación Franco, nas que expresaba a súa intención de usar as visitas guiadas ao Pazo, para facer apoloxía da Ditadura e do Ditador/Instar ao goberno do Estado a facen as modificacións legais precisas para a ilegalización da Fundación Franco.
4. Adherirse e apoiar a iniciativa da “Xunta Pro da Devolución do Pazo de Meirás”, da que forman parte como entidades promotoras a Deputación da Coruña, os Concellos de Sada e A Coruña, a Universidade da Coruña, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña e a iniciativa Galega pola Memoria.
5. Instar á Xunta de Galiza á elaboración dunha Lei galega de memoria histórica, na que se prohiban, persigan e sancionen os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promovan.

(Tras o cal o Sr. Rivas Cruz manifestou que si alguén quere que se aclare algo, en relación con esta moción, estará a súa disposición).

Seguidamente interveu a alcaldesa, Sra. Novo Gómez, para expresar que está a favor de que se recupere o Pazo de Meirás, pero por un procedemento legal que permita incorporalo ao patrimonio.

Manifesta o Sr. Rivas Cruz que poida ser que teñamos ou non competencia para declarar persoa non grata á familia Franco, que é o que se pide no punto primeiro da moción, pero quere realizar a observación de que o resto das propostas que contén a moción non son ilegais.

Tras a xustificación da urxencia realizada polo Sr. Rivas Cruz, para poder tratar agora sobre esta moción, a Sra. alcaldesa decide someter a votación ordinaria a aceptación ou non desa urxencia

Adoptándose -por seis votos a favor (5 do PP e 1 do concelleiro non adscrito) e tres votos en contra (2 do BNG e 1 do PSOE)- o acordo de non declarar a urxencia de tratar agora dita moción; polo que quedou rechazada a posibilidade de pronunciarse sobre as propostas de acordo que contén a moción presentada.

### 10 ROGOS E PREGUNTAS

A alcaldesa dalle a palabra ó Concelleiro do PSdeG-PSOE Don Abelardo Seoane Seoane que fai os seguintes rogos e preguntas:

#### **Pregunta pola sinalización de sentido único na pista de Areas.**

Resposta a Alcaldesa que están as señales pedidas e en canto se reciban vanse colocar

#### **Traslada as queixas en Boimorto por non recoller a basura dende venres ata o martes despois do festival.**

Resposta a Alcaldesa o venres si que se recolleu e o luns por descanso de persoal non se recolleu pero xa se recolleu martes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

### **Pregunta polo desbroce das vías públicas como estaba eso?**

Resposta a Alcaldesa o desbroce de vías seguese facendo e que agora se esta rematando coas pistas forestais e se continuará nas parroquias.

### **Pregunta por que non se recollen as papeleras no parque da praza da gándara?**

Resposta a alcaldesa que xa avisou de que se recollese pero que estará pendente de que se faga.

### **Comenta que os arcens que van a piscina seguen sen sinalizar e sen advertencia de peóns e bicicletas:**

Resposta a alcaldesa que esa carretera é da deputación que xa se reuniu co vixilante e que as pedimos a deputación.

### **Roga polo cambio de sentido en Boimil, onde se vai para a igrexa, facer un cambio de sentido nesa que solo é facer un cacho de discontinua.**

Di a Alcaldesa que a carretera é da xunta e pódese propoñer á xunta a súa modificación.

### **Pregunta pola saída da carretera general no hospital para que fagan unha saída que se poida coller cara curtis, un trozo de línea discontinua**

Resposta a Alcaldesa que as queixas dos veciños se trasladaron á xunta e veu a conselleira a velo in situ acompañada dos técnicos e que debido á pouca visibilidade que non se pode facer.

### **Pregunta que si se pode cambiar a línea continua diante da de Moncho e así poidan aparcar os coches que baixan da gándara porque estivo multando alí a garda civil**

Di a Alcaldesa que ata onde ela sabe tráfico estivo multando aos que aparcan diante da porta

### **Pregunta polo senda peatonal que vai para a viladóniga?**

Resposta a Alcaldesa dicindo que estivo co presidente da deputación, levóuselle proxecto da mesma, cando a vicepresidenta estivo no Concello levouna alí para que vise a urxencia e quedou en trasladarillo ao día seguinte ao presidente, ten outra cita pedida co presidente e vendo que isto non lle funciona chamou ao vixiante da deputación para que el o traslade tamén.

### **Pregunta por como se estaba coa RPT, que se sabia da mesma?**

Di a Alcaldesa que se lle pasou ao comité a RPT e quedaron de mirar o tema da funcionarización das nóminas e que esta esperando novas deles. Non a vai facer sen o acordo dos traballadores.

### **Pregunta polo estado da reserva de auga, como estamos de reservas?**

Resposta a Alcaldesa que de momento vamos aguantando, que houbo problemas co depósito de rodieiros por unha avería importante pero baleirouse un domingo e conseguimos arranxalo e o martes xa todos os veciños tiñan auga.

### **Traslada a queixa dos veciños de que ou ben aguantan os cheiros dos contenedores ou os lavan eles.**

Resposta a Alcaldesa que se cambiaron algúns para levar a limpar e que tamén quero dicir que se me manifesta que hai algún veciño que baleira a comida directamente no contedor.

### **Pregunta polo volume de peregrinos que pasaron por Boimorto.**

Di a Alcaldesa que non sabe exactamente cantos pero que si ten cifras dos que durmiron no albergue.

### **Roga pola pista que baixa da Arentia por detrás do noso establo os badens que hai no fondo xunta a barreira ou laguna por que parece que se esta afundindo a carretera.**

Di a Alcaldesa que xa estivo alí, xa o veu e estamos mirando que facer para arranxalo.

A alcaldesa dálle a palabra ó Concelleiro do BNG don Xose Luis Rivas Cruz que fai os seguintes rogos e preguntas:

**Pregunta a canto ascendeu a preparación e outros traballos na finca do Festival?, afirmase por parte do concelleiro portavoz do bng que subirán de 20.000eur.** A alcaldesa responde que non o ten cuantificado pero os traballos foron os de todos os anos.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

### **Pregunta polo desbroce das pistas. Como se fixo este ano, se é que se fixo? Como? Cando? Onde? A quen se lle contratou?**

Resposta a Alcaldesa que se fixo con medios propios e contratouse parte, e séguese desbrozando. Tamén se fixo o de incendios.

### **Roga polas cunetas de Abuís á Pontebrates, revestidas, están cegas de maleza, como chova...**

Di a alcaldesa que xa o ten contemplado para limpalas canto antes.

### **Roga polo albergue de pelegríns, que se vai facer con el? Vaise deixar? Fala de incompetencia pra xestionalo cando se lle podía sacar partido pró pobo.**

Resposta a Alcaldesa que se lle quería devolver á xunta para que fosen eles os que paguen os gastos que supón, posto que agora non temos ningún voluntario

### **Pregunta pola postura do equipo de goberno con respecto á moción nacional Pazo de Meirás.**

Resposta a Alcaldesa que están de acordo con que se devolva o pazo pero por medios legais.

### **Pregunta porque a enfermeira estaba no Festival e a Residencia sen enfermeira.**

Resposta a Alcaldesa que iso non é certo, xa que a enfermeira que estaba no festival tiña o fin de semana libre e foi como voluntaria.

### **Roga pola posibilidade de que o concello de Boimorto chegue a un acordo cunha protectora de animais de Arzúa pra ver de solucionar-lo problema dos animais de compañía abandonados.**

Di a Alcaldesa que recibiu un correo dunha protectora e estamos mirando esa posibilidade, de momento os que se recolleron fóiselles buscando casa.

### **Pregunta como é que o concello leva perdidas este anos varias subvencións, entre elas dúas de Presidencia por un importe de 40.000eur. Unha e outra por arredor de 35.000? Aquí o concelleiro do bng razooou que o labor dun alcalde, logo de manda-la solicitude debidamente cumprimentada, é presionar e xestionar e que non entende como se lle poden negar por parte dun goberno "amigo". Só se entende desde a incompetencia.**

Resposta a alcaldesa que non é así, non nola concederon por falta de puntuación, e dicir, non se perderon, senón que non nola concederon.

### **Pregunta pola "colaboración" na retirada dos niños de velutina. Pregunta se hai asinado algún convenio coa consellería de Medio Rural. Se o había, cal era a contrapartida por facer ese servizo que non nos corresponde.? Que non é competencia nosa. Que é un abuso someter ós traballadores do concello a realizar traballos extras fóra do horario e a un risco. Se lle sucede algo a algún traballador? Ademais Tragsa cobra por cada niño que se lle retira.**

Di a Alcaldesa que hai un acordo de colaborar e que se nos doou a pértiga, pero que se fai ata onde podemos cos nosos medios.

### **Rogo se a limpeza de maleza é responsabilidade dos propietarios, e subsidiariamente é do Concello, e se o Concello non ten medios pra face-lo control preciso, vai ser necesario tomar un acordo plenario e dirixirse á Xunta que nos diga como. Falou o concelleiro de traer pró próximo pleno unha moción ó respecto.**

Di a Alcaldesa que este ano se lle notificou por escrito ou telefonicamente a varios veciños e que a maioría foron cumprindo co que se lle pediu

### **Pregunta en canto se rebasou o aforo do Festival?**

### **Pregunta se vai haber bolsa prá baixa da fisioterapeuta?**

Afirma que Ana non esta ben, e non momento que se teña que ir temos que cubrir a baixa.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

**Pregunta por unha solicitude de excedencia voluntaria dunha traballadora da Residencia que non se lle concedeu cando tería dereito a ela.**

Resposta a alcaldesa que non se lle concedeu por ser persoal temporal.

**Pregunta cantas entradas recibiu a alcaldesa da dirección do Festival?** Responde esta que as que se recibiron repartíronse entre os do Magreco os veciños de Andabao e os traballadores. **O concelleiro contra preguntou afirmando que cen e que 50 que llas dera a Ignacio.** A alcaldesa négao. **O concelleiro opinou que lle parecía ben que llas dese que pra iso era o seu conselleiro político.** A alcaldesa negou tal relación e afirmou que soamente fora con Ignacio á Deputación por un asunto do alzheimer. **O concelleiro afirmou que era xa de vello ese asesoramento e que lle parecía ben porque total pró que facían... que seguisan así que o estaban facendo moi ben.** A alcaldesa seguiu negando que houbera colaboración política, soamente colaboramos no proxecto do Alzheimer que estamos desenvolvendo.

**A todo isto, cando se falou do problema de Santarandel, a opinión do bng foi que cando estivera de alcalde xa encamiñara a confrontación e que esta ía por bo camiño e que non entendía que agora estivese no punto que está, que se debía a unha falta de man esquerda e de negociación por parte do goberno.**

A alcaldes di que non foi así, estivemos encima deso dende que volveu Rebeca da baixa pero que alí hai un enfrontamento entre veciños que por iso levou tanto tempo, pero agora esta o tema encamiñado.

**Pregunta canto custou a RPT ata o de agora? Se a vai facer ou non. Fala de que era un engano prós traballadores que ían sair perdendo pola menor cotización.** A alcaldesa fala de que os traballadores o estaban mirando e mentres non estiveran de acordo en funcionarizar a nómina non a ía sacar adiante. Sen a RPT hai impedimentos legais segundo dicía Rebeca pra lle subilo salario ós que cobraban pouco como dicía o concelleiro do bng. **E o Concelleiro do bng repondeu que a pesar deses impedimentos si que lle subira o salario, e non pouco, a un dos "seus" que non era dos que menos cobraban.** Ela negou e preguntou o nome. **El repondeu que os dous o sabían ben e que tomase nota.**

**Pregunta tamén si seguimos facendo bacheos pola nosa conta, e que había pistas que daban noxo, e que había unha deixadez e unha incompetencia manifesta por parte da alcaldía.**

A alcaldesa afirma que xa se foron facendo bacheos con aglomerado en quente.

A alcaldesa dálle a palabra á Concelleira do BNG dona Raquel Val Vázquez que fai os seguintes rogos e preguntas:

**Falando do parque da Gándara recordamos outra vez que os colectores verdes lo lixo non son para restos de xardinería e tamén rogamos que á hora de planificar as actividades culturais do verán deseñen un programa que inclúa actuacións na Gándara, lugar no que incluso se poden achegar as persoas usuarias da Minirresidencia, así como do Centro de maiores municipal.**

Resposta a Alcaldesa que no tocante ao colectores, avisouse a empresa para que non o deposite ali os restos e xa o están facendo. En canto ao das actividades, o ano pasado repartíronse pero este ano cadrou así.

**Rogamos teñan en conta a arranxen 3 fochancas e limpen as cunetas na estrada que vai de Santarandel cara Présaras.**

A alcaldes toma nota do rogo e que o terá en consideración.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

**Rogamos arranxen en Dormeá a pista que vai desde a Casilla ata Porcelle (preto da capela de San Brais) xa que está desfeita.**

A alcaldesa indica que está incluída nun plan de subvencións

**Rogamos arranxen en Dormeá, como xa se dixo noutras ocasións, a pista que vai cara Rodieiros a carón da estrada xeral.**

A alcaldesa indica que está tamén incluída noutro plan

**Rogamos que bacheen un buraco na pista que vai de Coto Salgueiro cara a Angueiro.**

**Falando da bolsa de fisioterapia da Minirresidencia? Se se vai crear; cando e con que idea se vai utilizar esa bolsa?**

Resposta a Alcaldesa que se estaba creando unha bolsa para cubrir a fisio que estaba mala e poder cubrir a baixa

**Pregunta cantas baixas de persoal hai na Minirresidencia nos últimos tempos e a cren que é debido?**

Afirma a alcaldesa que neste momento cree que son 3 as baixas

**Pregunta se é certo que os usuarios do Centro municipal de maiores están sós sen persoal do Concello que os atenda alí? Comenta a Alcaldesa que o centro esta sempre vixiado por alguen, vanse a dar actividades, vaise a poñer o café e incluso cando hai persoal do SAF libre van para alí Mini puntualiza que hai uns días caeu un dos usuarios e non houbo persoal do Concello alí que lle botase a man. Ao que a alcaldesa responde que non ten coñecemento desa caída.**

**A finais do mes de agosto houbo unha praga de moscas na Minirresidencia e no Centro de Saúde. Que se fixo para solucionalo? Está solucionado?Xa que a semana pasada aínda existía o problema no Centro de Saúde.**

Resposta a Alcaldesa que Andrade ,a empresa de Desinsectación, foi a encargada de solucionalo.

**Pregunta se está feita a revisión da rede de sumidoiros municipais de cara ó vindeiro inverno para evitar posibles asolagamentos e demais problemas relacionados?**

Indica a Alcaldesa que esas tarefas están no plan de traballo dos empregados.

**No seu programa electoral levaban mellorar as instalacións do ximnasio ubicado no edificio da antiga cooperativa do campo. O local non ten aseos nin ventilación. Acometeuse alí algunha mellora?**

Resposta a Alcaldesa que se ben é verdade que ia no seu programa dado que o local no que se encontra non é municipal non podemos acometer obras no mesmo

**Continua a concelleira dicindo que preguntaron nun pleno anterior se as asociacións culturais, deportivas, de veciños... ou comisións de festas do municipio recibiron algún tipo de axuda municipal (aparte da recentemente concedida ó Clube de Fútbol de Boimorto) e reiteramos a mesma pregunta. Teñen previstas ditas axudas no presuposto para o exercicio 2.018?**

Resposta a Alcaldesa que se mirara de incluílo, sempre e cando haxa a posibilidade.

Ás 12:45 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Boimorto, xoves 28 de setembro de 2017

A alcaldesa,

O secretario accidental,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Juan Colmenares Lopez-Soldado

